



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Deportes

Bases para programa de subvencións a clubs e entidades deportivas municipais para fomento e promoción do deporte. Orzamento municipal 2021

BASES PARA PROGRAMA DE SUBVENCIONES A CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS MUNICIPALES PARA FOMENTO E PROMOCIÓN DO DEPORTE. ORZAMENTO MUNICIPAL 2021.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O réxime xurídico das subvencións para outorgar polo Concello de Ferrol rexerá pola normativa básica estatal recollida na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como polo seu Regulamento aprobado polo Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, así como pola normativa autonómica, en concreto pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

O artigo 17 da Lei 38/2003, esixe que a aprobación das bases reguladoras das subvencións das entidades locais fágase no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións. Dita ordenanza foi aprobada por acordo plenario de data 15/10/2019 e publicada no BOP da Coruña núm. 200 de data 21/10/2019.

A normativa indicada establece como principios de xestión das subvencións a publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, os cales deben ser respectados nas presentes bases.

Polo que respecta a esta modalidade concreta de subvencións, o artigo 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece que as Corporacións locais favorecerán o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilítalles a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades e impulsan a súa participación na xestión da Corporación.

Doutra parte, o artigo 232 do Real Decreto 2.568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dispón que na medida en que o permitan os recursos orzamentarios, o Concello poderá subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire aos seus gastos xerais como ás actividades que realicen, que complementen ou suplan as competencias do Concello de Ferrol.

No mesmo senso, a lexislación sectorial (lei 3/2012 do deporte de Galicia) establece no seu art. 8 como competencias nos municipios “*Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar; promover e, de ser o caso, executar, no ámbito da súa competencia, os programas xerais do deporte, mediante a coordinación coa Administración autonómica, así como coa colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas; e calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local ou que lles poida ser atribuída legal ou regulamentariamente e que contribúa aos fins ou obxectivos desta lei*”.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ferrol na sesión de data 16 de febreiro de 2021 aprobou o Plan estratéxico de subvencións do Concello de Ferrol para o período 2021-2023 e posteriormente en sesión celebrada o día 02 de agosto de 2021, aprobouse a modificación do citado plan estratéxico de subvencións Concello de Ferrol 2021-2023 que recolle o recoñecemento da concesión directa de subvencións nas liñas correspondentes á área de cultura, promoción de deporte e educación.

O Concello de Ferrol, no marco das súas competencias ten, entre as súas prioridades, a concesión de axudas económicas destinadas á promoción do deporte, co obxectivo de contribuír a que as entidades privadas sen ánimo de lucro dispoñan de medios para o cumprimento dos obxectivos que lles son propios e ao mesmo tempo para que actúen como motores e garantes da participación cidadá efectiva nos seus distintos ámbitos de actuación.

Base 1.- Obxecto da subvención

As presentes normas teñen por obxecto regular a liña de axudas a clubs e entidades deportivas, debidamente rexistradas no Concello de Ferrol, para o fomento e promoción, en xeral, da Educación Física e do Deporte.

As axudas reguladas nestas normas especiais teñen a natureza xurídica de subvención e outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva, ao amparo do disposto no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Base 2.- Réxime xurídico

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local.
- Real D L 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol (BOP da Coruña núm. 200 de data 21/10/2019)
- Bases de execución do orzamento Xeral do Concello de Ferrol.
- Plan estratéxico de subvencións do Concello de Ferrol para o período 2021-2023 (BOP da Coruña nº 36 do 24/02/2021)
- Cantas outras normas legais ou regulamentarias conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de producir efectos no devandito ámbito.

Base 3.- Ámbito de aplicación

As subvencións e axudas ás que se será de aplicación estas normas especiais reguladoras son as seguintes:

1. Actividades levadas a cabo por Clubs e entidades deportivas mediante a participación en competición deportivas federadas.
2. Actividades levadas a cabo por Clubs e entidades de base de iniciación deportiva e fomento da práctica deportiva non federada.

Base 4.- Beneficiarios. Requisitos e obrigas.

Poderán ser beneficiarias da subvencións a clubs e entidades deportivas municipais para fomento e promoción do Deporte aquelas entidades (clubs, entidades deportivas, agrupacións deportivas) que cumpran os seguintes requisitos:

- Esten inscritos no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás do Concello de Ferrol baixo o epígrafe de deportes. Terán a consideración de entidades inscritas, todas aquelas entidades inscritas no rexistro do extinto Padroado Municipal de Deportes e cos datos actualizados no momento de presentar a solicitude .
- Que cumpran os requisitos recollidos no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións.
- Non contravir o regulado no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- Estar ao corrente das súas obrigas co Administración Tributaria (de carácter estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social.
- Para a actividade non federada obxecto da presente subvención, as entidades ou clubs deportivos deberán ter concertado e en vigor, ao corrente no pago das primas correspondentes, un seguro que cubra tanto a Responsabilidade Civil como a cobertura sanitaria nos termos que prevén, respectivamente, os artigos 23 e 22 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia.
- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. (De acordo co Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor). No caso de que ningunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá acreditarlo de forma expresa mediante unha declaración responsable.
- Non estar ao corrente de pago das obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.

As obrigas das entidades beneficiarias da subvencións a clubs e entidades deportivas municipais para fomento e promoción do Deporte aquelas entidades (clubs, entidades deportivas, agrupacións deportivas) serán as seguintes:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- Xustificar ante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, de ser o caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou disfrute da subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o órgano concedente ou entidade colaboradora, se é o caso, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicarlle ao órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.
- Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, sen prexuízo de que a persoa interesada autorizase expresamente ao Concello a realizar as consultas dos datos que xa se atopen en poder doutras Administracións ou do propio Concello e que acrediten esta circunstancia.
- Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario/a en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos nestas bases reguladoras, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto de actuación de comprobación e control.
- Facer constar expresamente na publicidade, difusión e publicacións que o programa, actividades, investimentos ou actuacións obxecto de subvención contan coa colaboración económica do Concello de Ferrol. Para isto utilizarán o logotipo aprobado polo Concello de Ferrol e, así mesmo, na respectiva convocatoria, acordo de concesión ou convenio farase constar a forma e instrumentos a través do que se dará publicidade e difusión á colaboración económica do Concello.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Base 5.- Exclusiones

Quedan **excluídas** do presente programa as seguintes entidades e/ou actividades:

Así mesmo deberase ter en conta as seguintes limitacións para concorrer a mesma:

- As Federacións Deportivas, Entes de Promoción Deportiva
- Clubs ou entidades que tan só teñan actividades de carácter interno ou social.
- Clubs ou entidades que desenvolvan a súa actividade fóra do termo Municipal de Ferrol. Calquera actividade que de forma continuada se desenvolva fóra do termo municipal non será obxecto de valoración no baremo. (exceptúanse todas aquelas que deriven dos compromisos de competición).
- Entidades que sexan beneficiarias de subvencións nominativas ou directas ao abeiro do orzamento 2021. poderán concorrer co resto dos equipos do club. En ningún caso terase en conta na valoración ningún aspecto relacionados cos equipos obxecto de nominativas (orzamento, licenzas, nivel de competición, RRHH...)
- As escolas deportivas cando sexan obxecto de subvención nominativa no mesmo exercicio orzamentario. Neste suposto a entidade poderá participar na presente convocatoria unicamente co resto das escolas da entidade se as houbera.
- As actividades de fomento ou eventos deportivos para os que os clubs ou entidades deportivas reciban unha subvención nominativa ou directa ao abeiro do orzamento 2021, Neste suposto a entidade poderá participar na presente convocatoria unicamente co resto de actividades da entidade se as houbera.

Artigo 6.- Gastos subvencionables

1. Consideraranse gastos subvencionables aqueles gastos que estean directamente relacionados coa actividade desenvolvida polas entidades deportivas e que respondan de maneira inhabitada á natureza das actividades subvencionadas, entendéndose por tales os seguintes:

Gastos de publicidade e difusión	Imprenta, serigrafía,
Gastos de transporte e aloxamento	Gastos de transporte e desprazamentos, aloxamento e manutención de equipos ou deportistas. Terán que estar directamente vinculados coa realización das actividades subvencionadas. Deberá acreditarse este vencellamento na memoria da actividade, no trámite da xustificación ou a través dos calendarios das competicións oficiais
Gastos de persoal e asistencias técnicas	Monitoraxe, asistencia médica, fisioterapia, recoñecementos médicos previos a práctica deportiva.
Gastos de materiais consumibles específicos das actividades	Sempre que se trate de bens non inventariables.
Gastos relacionados coa competición e a práctica deportiva.	Licenzas, arbitaxes, inscricións en competicións, seguros etc..
Gastos de xestión e gastos de subministracións (Non poderán superar o 20% do total da xustificación)	Materiais de administración, fotocopias, papel bolígrafos material informática, etc. Luz, auga, telefono, fax e correo Sempre e cando esten adscritos a directamente a realización da actividade subvencionada e especificados motivadamente no orzamento.
Cortesías de colaboración (Non poderán superar o 10% do total da xustificación)	Relacionadas co programa como agasallos, placas conmemorativas e cortesías gastronómicas
Gastos derivados da COVID-19	Todo aquel gasto derivado das medidas de prevención e das exixencias federativas relacionadas co Covid - 19.

2. Considerarase gasto subvencionable aquel gasto devengado e efectivamente pagado dentro no ano de concesión da subvención, entendido o ano como o período comprendido entre os días **01 de xaneiro e 31 de decembro de 2021**. ámbolos dous incluído.

3. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

4. Os tributos e taxas consideraranse gastos subvencionables cando sexan abonados polo beneficiario efectivamente, non incluíndose por tanto cando os mesmos sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

Base 7.- Compatibilidade das subvencións.

As subvencións que se outorguen serán compatibles con outras axudas doutras Administracións, Institucións e Entidades públicas ou privadas, a excepción feita daquelas concedidas por outros departamentos do Concello.

No caso de que se concedan subvencións polos anteriores deberá comunicarse, no prazo dos 15 días posteriores á súa concesión, ao Concello de Ferrol.

O importe das subvencións, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada.

O outorgamento das subvencións, en ningún momento será invocable como precedente respecto a exercicios futuros. Non será esixible o aumento ou revisión da subvención.

Base 8.- Contías máximas e límites das subvencións

O importe da subvención en ningún caso poderá superar o **40% do orzamento da/s actividade/s subvencionada/s**, e en calquera caso non poderá ser superior a **10.000,00 €**.

Base 9.- Forma e prazo nos que deben presentarse as solicitudes

9.1.- Forma de presentación.

A solicitude de subvencións presentaranse nos modelos normalizados que figuran como anexos a estas bases.

A solicitude poderá presentarse no Rexistro xeral do Concello ou en calquera dos outros rexistros e oficinas aos que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

9.2.- Prazo de presentación.

O prazo de presentación das solicitudes será de **15 días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

9.3.- Documentación.

- Modelo normalizado de solicitude dirixida á Alcaldía do Concello de Ferrol. (Anexo SC1)

- Documentos que acrediten a identidade do solicitante e, no seu caso, a representación de quen asine a solicitude e declaracións xuradas. Xuntaranse copias do DNI e do CIF.
- Certificación do número de socios/as activos/as da entidade. (Anexo SC2)
- Certificación acreditativa do acordo de solicitude. (Anexo SC2)
- Certificación do compromiso de obter as licenzas e as autorizacións preceptivas para o desenvolvemento das actividades.(Anexo SC2)
- Declaración de estar inscrita no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás do Concello de Ferrol (Anexo SC2)
- Certificación do nomeamento do/a representante para as relacións da entidade co Concello. (Anexo SC2)
- Certificación do compromiso de facer constar a colaboración do Concello de Ferrol en toda a publicidade e difusión das actividades subvencionadas, así como no material empregado nas mesmas (camisetas, trofeos, bolsas...) adquirido coa subvención, inserindo en todo o material publicitario o logo institucional do concello. (Anexo SC2)
- Declaración responsable relativa o persoal en contacto con menores. No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, declaración responsable de que o persoal que presta servizos no desenvolvemento das actividades obxecto da subvención, cumpre os requisitos previstos no artigo 13 da Lei 26/2015 do 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia. No caso de que ningunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá acreditarlo de forma expresa mediante unha declaración responsable. (Anexo DR_M)
- Declaración de non ter obrigas pendentes coa Facenda estatal, autonómica e local e coa Seguridade Social (Anexo DR_D)
 - No suposto de solicitude de concesión de subvencións superior a 3000 €, a entidade beneficiaria afectada deberá presentar os correspondentes certificados oficiais.
- Declaración de non estar incurso a entidade beneficiaria nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para seren beneficiarias ou percibiren subvencións da Administración pública, dispostas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro. (Anexo DR_IN)
- Declaración responsable de que a entidade cumpre todo o regulado no artigo 14 da Lei 38/2003 relativo ás obrigas da entidade beneficiaria . (anexo DR_OB)
- Declaración de solicitude doutras axudas e subvencións para a realización do mesmo proxecto. (Anexo DR_AX)
- Orzamento da entidade para o ano exercicio 2020. (Anexo XF_OB)
- Designación de conta bancaria según as normas establecidas pola Tesourería Municipal: www.ferrol.gal \ Sede electrónica \ Trámites \ Alta ou baixa de datos bancarios (negociado de Tesourería).
- Baremo de puntuación. (Anexo SC_3)
- Os clubs polideportivos entregarán por separado un baremo por deporte ou sección deportiva.
- Proxecto deportivo da actividades deportiva do Club ou entidade a realizar durante o ano 2020 asinado polo Presidente/a da entidade ou persoa habilitada a tal efecto. Conterá: (Anexo SC_4)
 - Obxectivos do club durante o período que abrangue a subvención.
 - Descrición da actividade federada do club. Previsións de competicións a disputar para cada un dos equipos ou deportistas.
 - Descrición da actividade da escola do club.
 - Obxectivos xerais, específicos, calendario de actividades.
 - Horario semanal da escola deportiva.
 - Declaración responsable acreditativa do cumprimento da obriga de ter contratado e en vigor un seguro de cobertura sanitaria para todos os participantes na escola deportiva (actividade non federada).
 - Relación de Recursos humanos, labor que desempeñan e titulacións de cada un
 - Organización de eventos deportivos federados ou non. Denominación do mesmo, datas previstas, destinatarios, etc.
 - No caso de presentación de eventos deportivo, acreditarase a través de declaración responsable o cumprimento da igualdade de premios entre homes e mulleres. (Anexo DR_P)

- Certificación da Federación correspondente axustada ao modelo. (Anexos CF_E e CF_I)
- Copia das titulacións dos técnicos deportivos. (So no caso dos técnicos non acreditados a través do certificado da federación correspondente)

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma de convocatoria, a Concellería de Deportes requirirá ao interesado para que subsane no prazo máximo e improrrogable de **10 días hábiles** coa indicación de que se así non o fixera, se lle terá por desistido da súa solicitude, previa resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

9.4.-A documentación que se presente deberá ser **orixinal ou copia** compulsada, consonte aos requisitos previstos nos apartados c) e d) do artigo 53 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

9.5.- A documentación da solicitude deberá vir asinada do seguinte xeito:

- No caso das certificacións, pola Secretaría co visto e prace da Presidencia ou persoa na que delegue.
- No caso de certificación acreditativa dos gastos realizados ás sinaturas anteriores xuntarase a sinatura da Tesorería da entidade.
- No caso das declaracións, compromisos e outra documentación, pola Presidencia ou persoa na que delegue.

9.6.- No caso de que exista delegación da presidencia:

1. Deberá achegarse acreditación da delegación da Presidencia na que se especifique o alcance da dita delegación (presentación das solicitudes de subvencións e sinatura de toda a documentación necesaria para a súa tramitación). A dita acreditación realizarase mediante acordo da Xunta Directiva, poder notarial ou calquera medio válido de acreditación en dereito.

Base 10.- Tramitación e valoración e resolución das solicitudes

1.- Calificación das solicitudes:

A Unidade administrativa que ten atribuída as funcións en materia de Deportes, será o órgano instructor do procedemento, revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteñen toda a documentación esixida. Se estivese incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que no prazo de dez días hábiles achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude, consonte ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2.- Valoración das solicitudes:

A valoración das solicitudes corresponderalle a un órgano colexiado, denominado Comisión de Valoración, o cal será o encargado de formular a proposta de concesión ao órgano concedente a través do órgano instructor.

A Comisión de Valoración que se constituirá para o efecto e estará integrada por:

- Presidente/a: o/a concelleiro/a delegado/a responsable da Concellería de deportes
- Un/Unha representante de cada grupo municipal.
- Un/unha técnico/a da Concellería de deportes
- Un/unha funcionario/a do negociado deportes que actuará como secretario/a da Comisión avaliadora, con voz e sen voto.

A Comisión de Valoración, trala avaliación das solicitudes presentadas de acordo cos criterios de valoración fixados nestas bases, emitirá un informe no que se concretará o resultado da mesma.

3.- Proposta de resolución.

1. O órgano instructor, á vista do expediente e do informe da Comisión de Valoración, efectuará a proposta de resolución, que terá carácter de definitiva nos termos do art. 17.1 parágrafo segundo da Ordenanza Xeral de subvencións na que se expresará o/a solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía.

4.- Resolución.

A concesión das subvencións será aprobada por resolución do concelleiro/a o que teña delegadas as competencias en materia de Deportes, trala formulación da proposta de concesión realizada polo negociado de Deportes encargado da instrución á vista do informe da comisión avaliadora.

As subvencións concedidas notificaranse aos interesados de conformidade co disposto no art. 40 da Lei 39/2015 e publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Ferrol (na súa versión dixital e física) así como na BDNS.

O prazo máximo no que debe notificarse ás entidades interesadas a resolución expresa será de seis meses contados a partir do día seguinte á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Transcorrido este prazo, a falta de resolución e notificación producirá efectos desestimatorios.

A resolución de concesión poñerá fin á vía administrativa, para os efectos da interposición dos recursos administrativos que procedan realizarse de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Base 11.- Criterios de valoración

A contía das subvencións determinarase despois da consideración das actividades que se van a realizar, ponderando segundo os seguintes criterios, que serán acreditados mediante a presentación dos correspondentes anexos contidos na convocatoria.

PROXECTO DEPORTIVO (70 pts)	
PARTICIPACIÓN. Nivel de cobertura poboacional	25 pts
COMPETICIÓN. Representatividade no sector	20 pts
RECURSOS HUMANS. Nivel de sostenibilidade do proxecto	15 pts
PROMOCIÓN DEPORTIVA. Promoción da participación cidadá e dinamización comunitaria	10 pts
PROXECTO ECONÓMICO (30 pts)	
Capacidade de autoxestión e nivel de financiamento	30 pts

Proxecto deportivo. (Correspondese con 70 pts)

II. Participación, nivel de cobertura poboacional (correspondese con 25 pts)

Outorgarase o máximo (25 puntos) á entidade que máis puntuación parcial obtivese e para o resto das entidades calcularase proporcionalmente en base aos puntos parciais obtidos. Puntuaranse os seguintes aspectos:

- **Escola deportiva.** Destinado a valorar a todas aquelas persoas que non posúan licenza federativa e polo tanto non participen nas competicións oficiais das diferentes federacións deportivas.
 - Outorgarse a puntuación parcial de acordo ao seguinte:

Escola deportiva de balde:	5 pts / participante
Escola deportiva con cuota ata 10 €/mes	2 pts / participante
Escola deportiva con cuota de máis de 10 €/mes	1 pto / participante

- Para a valoración de este criterio deberá declararse responsablemente por parte do presidente da entidade: (constan declaracións no anexo Baremo)
 - Os/as alumnos/as coas que conte a Escola deportiva a 1 de Xaneiro de 2021.
 - Contía que pagan os alumnos/as pola asistencia á escola así como de que os nenos/as nela relacionados/as non se atopan federados/as.
 - As entidades ou clubs deportivos deberán declarar ter concertado e en vigor, ao corrente no pago das primas correspondentes, un seguro que cubra tanto a responsabilidade civil nos termos que prevé o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, así como o seguro de asistencia sanitaria dos participantes que contempla o art. 22 da mesma Lei.
- **Fichas de deportistas.** Destinado a valorar o número de deportistas de cada club.
 - Outorgarase a puntuación parcial de acordo o seguinte:
 - Aplicaranse factores de corrección para garantir a progresiva equiparación dos índices de participación de cada sexo nas diferentes modalidades deportivas.

- Para a elaboración da citada táboa, tomaranse en conta os datos estadísticos correspondentes ao último informe emitido polo CSD acerca do nº de Licencias e de Clubes federados das diferentes Federacions Españolas, a nivel da comunidade autónoma de Galicia (datos procedentes, da información facilitada por cada Federación Española para a elaboración das Memorias anuais correspondentes, e dos datos aportados, ademais pola Mutualidade General Deportiva).
- Atendendo oa este criterio establececese os seguintes criterios correctores:

Coeficiente 1,3 modalidades indicadas como A	Multiplicarase cada participante por 3
Coeficiente 1 modalidades indicadas como B	Multiplicarase cada participante por 1

MODALIDADES A	MODALIDADES B
LICENZAS MASCULINAS DE: Baile deportivo e ximnasia.	Todas as non incluídas na modalidade A
LICENZAS FEMININAS DE: Actividades subacuáticas; Aeronáutica; Xadrez; Automobilismo; Béisbol e softbaol; Billar; Bolos; Boxeo; Caza; Ciclismo; Colmbicultura; Colombofila; Deporte con discapacidade; Fútbol; Fútbol americano; Hóckey; Judo; Motociclismo; Motonáutica; Pelota; Pesca e casting; Petanca; Rugby; Sqash; Tenis de mesa; Tiro a vuelo; Tiro olímpico; Trialón; Vela	

- Para a valoración de este criterio:
 - Teranse en conta **única e exclusivamente** o número de deportistas acreditados a través do certificado emitido pola federación correspondente respecto da *tempada 2020 - 2021 para deportes de tempada bianual e do ano 2021 no caso de deportes de tempada anual*.
 - **Accesibilidade do proxecto.** Destinado a valorar aquelas entidades que fagan esforzos pola promoción do deporte adaptado ou que adopten medidas de inclusión no desenvolvemento das súas actividades.
 - Outorgarase a puntuación parcial de acordo o seguinte:
 - 3 puntos por cada participante que presente algún tipo de eiva física, psíquica ou sensorial.
 - Para a valoración de este criterio deberá declararse responsablemente por parte do presidente da entidade: (constan declaracións no anexo Baremo)
 - Os/as alumnos/as integrados na escola deportiva a 1 de Xaneiro de 2021.

II.- Criterio de competición. Representatividade no sector. (correspondese con 20 pts)

Destinado a valorar o número de equipos de cada club así como os gastos que lle supón a súa participación nas competicións oficiais.

Outorgarase o máximo (20 puntos) á entidade que máis puntuación parcial obtivese e para o resto das entidades calcularase proporcionalmente en base aos puntos parciais obtidos.

- Outorgarase a puntuación parcial de acordo o seguinte:

Deportes equipo		Deportes individuais	
Ligas locais e competición xogade	n.º equipos x 2 pts	Competición Local e xogade	1 a 5 deportista x 1 pto máis de 5 deportistas x 2 pto
Ligas comarcais e provinciais	n.º equipos x 3 pts	Competición comarcal e provincial	1 a 5 deportista x 2 pto máis de 5 deportistas x 3 pto
Ligas galegas, autonómicas ou rexionais	n.º equipos x 10 pts	Competición Galega, autonómica, rexional	1 a 5 deportista x 5 pto máis de 5 deportistas x 10 pto
Ligas nacionais	n.º equipos x 20 pts	Competición Nacional	1 a 5 deportista x 10 pto máis de 5 deportistas x 20 pto
		No suposto que un mesmo deportista compita a nivel individual en varios niveis de competición deberá indicar a categoría máxima na que participa que contemple a súa licenza federativa.	

- Para a valoración de este criterio:
 - Só se terán en conta os equipos ou deportistas, no caso de competicións de carácter individual, acreditados mediante certificado emitido pola federación correspondente.

- Para competicións con carácter individual o club ou entidade deportiva deberá sinalar o nivel de competición individual de cada un dos deportistas. No suposto que un mesmo deportista compita a nivel individual nas competicións local, comarcal, provincial, autonómica ou estatal deberá indicar a categoría máxima na que participa que contemple a súa licenza federativa.

III.- Recursos Humanos. Nivel de sostenibilidade do proxecto (corresponde con 15 puntos)

Outorgarase o máximo (15 puntos) á entidade que máis puntuación parcial obtivese e para o resto das entidades calcularase proporcionalmente en base aos puntos parciais obtidos.

- Outorgarase a puntuación parcial de acordo o seguinte:

Formación dos recursos humanos	
Licenciados ou graduados en Ciencias da actividade física e do deporte	n.º x 10 pts
Adestradores nacionais	n.º x 5 pts
Adestradores rexionais, territoriais; Diplomados ou graduados en Educación Física	n.º x 3 pts
Monitores básicos ou TAFAD	n.º x 2 pts
Delegados, Colaboradores, auxiliares	n.º x 1 pts

- Para a valoración de este criterio:
 - Será preciso a identificación mediante listado de cada un dos RRHH en base ao cadro recollido no baremo.
 - No caso de que outras titulacións non indicadas no certificado da federación, deberá achegarse copia do título no momento da solicitude.

IV.- Promoción deportiva. Promoción da participación Cidadá e dinamización comunitaria. (10 puntos)

Outorgarase o máximo (10 puntos) á entidade que máis puntuación parcial obtivese e para o resto das entidades calcularase proporcionalmente en base aos puntos parciais obtidos. Outorgarase a puntuación parcial de acordo o seguinte:

- **Sección deportivas.** Nº de seccións deportivas federadas do club x 5 pts
- **Escola deportiva:**
 - Valoraranse os seguintes aspectos:
 - Horas semanais adicadas a Escola deportiva.
 - Valorarase a distribución de horas e grupos semanais adicados a actividade deportiva non federada así como as datas de inicio e fin da escola.
 - Outorgarase a máxima puntuación (**50 pts**) á entidade que presente o maior número de horas semanais. Para a baremación dos puntos correspondentes ao resto de entidades, calcularase a parte proporcional dos puntos en base as horas declaradas.
- Para a valoración deste criterio:
 - Será preciso presentar unha memoria que conteña:
 - Descrición da actividade da escola do club.
 - Obxectivos xerais, específicos, calendario de actividades.
 - Horario semanal da escola deportiva.
- **Déficit de actividades no municipio.**
 - Para a valoración de este criterio tomarase como referencia o Rexistro Municipal de Entidades Cidadás do Concello de Ferrol baixo o epígrafe de deportes ou no antigo rexistro do extinguido Patronato Municipal de Deportes. Unha vez consultado o rexistro as entidades deportivas que resulten ser **as únicas** no municipio que teñen por obxecto o fomento e promoción dunha *modalidade deportiva recoñecida*, obterán **10 pts**.
- **Organización de probas ou actividades deportivas.**
 - Outorgarase a puntuación parcial de acordo o seguinte:

Tipos de actividade	
Organización de actividades no ámbito da competición oficial ou federada	n.º x 5 pts
Organización de actividades no ámbito da iniciación, promoción deportiva ou popular	n.º x 2 pts

- Para a valoración deste criterio:

- Será preciso presentar unha memoria dos diferentes eventos a realizar polo club e que recolla a seguinte información:
 - Denominación do evento, datas previstas, o resto da información (destinatarios, ubicación, obxectivos no caso de actividades de promoción).
- Non se terán en conta aquelas actividades ou eventos deportivos para as que as os clubs ou entidades deportivas reciban unha subvención nominativa no mesmo exercicio orzamentario .

Proxecto económico (Corresponden con 30 puntos)

I.- Orzamento de ingresos e gastos e porcentaxe de financiamento previsto.

A puntuación máxima será de **30 puntos**, e corresponderá á entidade que xustifique o maior grado de autofinanciamento. Con base ao anterior, os puntos correspondentes ao resto de entidades, calcularanse proporcionalmente.

- Para a valoración deste criterio:

- A entidade, deberá facer constar no anexo Baremo o orzamento previsto para a actividade obxecto da subvención.
- Así mesmo, deberá, no apartado correspondente, facer constar a solicitude de subvención ao Concello de Ferrol ao abeiro da presente convocatoria.
- Valorarase a capacidade de autoxestión da entidade derivado da solicitude.
- Deberanse ter en conta por parte da entidade no momento da solicitude da subvención os límites marcados nestas bases (10.000 euros ou o 40% do orzamento da actividade subvencionada).

Base 11.- Cálculo do importe da subvención

